

Manifiesto #StopODIO

Queremos vivir sen odio, sen que nos marquen por ser diferentes, pola cor da nosa pel, pola nosa sexualidade, pola nosa procedencia ou polas nosas capacidades. Vivir nun mundo que nos acepte, que nos integre, que nos coide e no que cada persoa se poida desenvolver plenamente, unha sociedade na que todas e todos aportemos o que poidamos, porque todas e todos podemos aportar se nos deixan. **Ese é o noso desexo, o que nos move: borrar as desigualdades.**

Queremos vivir nunha sociedade xusta na que nos tratemos con humanidade e respecto, para avanzar todo o mundo na mesma dirección. **Facerlle fronte ás correntes que intentan dividirnos apelando ao medo, ao prexuízo e ao odio;** atacando ás minorías, culpando dos problemas aos que veñen doutros países buscando unha vida mellor, discriminando ás mulleres, cuestionando os dereitos das persoas LGTBQ+. A liberdade non é a lei do máis forte.

Os discursos de odio en forma de xenofobia, racismo, antisemitismo, islamofobia, odio anti-LGTBQ+, misoxinia e outros tipos de intolerancias aumentan en todo o mundo, tamén nos nosos entornos máis próximos, tamén no noso día a día. Dentro e fóra das redes, dentro e fóra das aulas, nos estadios, nas oficinas, na rúa. **O discurso de odio ataca ás persoas e deshumanízaas, pero non só provoca danos a nivel persoal, tamén constitúe un ataque á inclusión, á diversidade e aos dereitos humanos.** Destrúe as comunidades, o lugar común desde o que se lle pode facer fronte.

O odio é a pedra que atopamos no camiño da construción, o odio ao diferente, ao descoñecido, o odio ao que non encaixa plenamente coas nosas conviccións, coas nosas cores ou espazos. Un odio irracional que nos separa. **O odio destrúe as redes dende o máis profundo,** estropea a cohesión, rompe familias, equipos, traballos, rompe a saúde e rompe, en definitiva, vidas.

Queremos vivir en comunidade, compartir e coñecer mellor á nosa veciña e veciño. Pechar os ollos antes as inxustizas xa non pode ser unha opción. Parar o odio é unha tarefa de todas e todos como sociedade. Debemos, nun primeiro lugar, entender cando estamos actuando dende discursos de odio aprendidos de forma consciente ou inconsciente. **Construir un mundo que nos inclúa e nos represente a todas e todos.**

Por iso, propoñemos unha serie de medidas que todas e todos, cada un de nós, temos á man. Que podes facer ti para combater os discursos de odio?

- **Detecta os discursos de odio e failles fronte:** recoñecelos é o primeiro paso para contrarrestalos. Non ampares discursos de odio baixo o paraugas da liberdade de expresión. Non banalices situacións de odio ou discriminación pensando que é “unha broma ou un xogo de nenos”; o mellor é frealos canto antes. Non cales, actúa.
- **Fomenta a empatía:** trata de poñerte no lugar do outro e entender a súa perspectiva. Escoita aos demais, presta atención ao que teñen que dicir e amosa interese e respecto ás súas opinións.
- **Evita a linguaxe ofensiva:** non uses palabras ou expresións que poidan ofender ou denigrar a outras persoas. Aprende a comunicarte de maneira efectiva, cunha linguaxe clara e precisa para evitar malentendidos. As palabras son importantes.
- **Fai un uso responsable das redes sociais.** O anónimo moitas veces axuda a medrar os discursos de odio, a difundilos e a reproducilos. Que sexa a través dunha rede social non lle resta importancia á violencia
- **Participa na construción dunha sociedade máis inclusiva:** traballa para contruir unha comunidade que promova a igualdade e a xustiza para todas as persoas. Cando todas xogamos en igualdade, pasámolo mellor, en todos os ámbitos da vida.

Este é un partido que, xogando en equipo, podemos gañar. Se ti tamén queres formar parte do cambio, di #StopODIO.